



DOUS REFERENTES EN MAZARICOS CON EXCELENTES RESULTADOS TRAS O CAMBIO A ROBOTS

Iván Rey, de Rey Martínez, e Toni Caamaño, de Ganadería Carreira, son dous mozos gandeiros de Mazaricos (A Coruña) que apostaron nos últimos anos por quedar co negocio familiar e por confiar na robotización dos procesos para unha maior eficiencia e unha mellor calidade de vida.

Os dous instalaron varios DairyRobot R9500. Rey puxo en marcha tres máquinas e Caamaño iniciou o muxido robotizado con dous robots.

En pouco tempo a valoración de ambos é moi positiva, moito mellor do que imaxinaran. Os animais adaptáronse moi ben á nova rutina e os traballadores van pouco a pouco coñecendo as novidades do seu novo traballo.

Cos arrimadores de comida FROne e os colares CowScout, tanto Iván como Toni cren que a automatización da granxa lles axudou a mellorar o benestar dos seus animais, a conseguir mellores rendementos e a gozar de moito máis tempo libre.



Para máis información:
[GEA.com/es](https://www.gea.com/es)

GEA Engineering
for a better
world.

REY MARTÍNEZ

Localización: Mazaricos (A Coruña)

Número total de animais: 340

Vacas en produción: 141

Número de robots: 3

Media de produción: 38 litros/vaca/día

Porcentaxe de graxa: 3,70 %

Porcentaxe de proteína: 3,20 %

RCS: 150.000 cél./ml

→ Iván Rey: “Estamos moi contentos porque nos cambiou moito o día a día. Se nos dixesen que ía ser así, poñíalos antes”

EN
VÍDEO



Por que decidiron pasarse ao muxido robotizado?

Dispoñíamos dunha sala 2x7 e decidimos cambiar aos robots porque se nos quedaba pequena. Ademais, dedicabamos seis horas diarias ao muxido e queríamos unha alternativa para reducir ese tempo. Non hai acceso fácil á man de obra cualificada e entón decidimos automatizar o muxido por tres motivos: aliviar o traballo diario, aumentar a produción e alcanzar os tres muxidos.

Por que elixiron GEA?

Gustoume desde que o vin. É un robot que moxe de maneira silenciosa.

O foso é moi importante para o tratamento diario na explotación e tes a opción do muxido manual. Ademais, ofrece a separación por cuartos.

Iso si, o que máis me gustou é o selado que realiza a tetoeira, porque trata moi ben os tetos. Para estes animais, que se moxen tres ou catro veces ao día, é importante a hidratación dos tetos e con este tipo de selado conséguese.

Como recordan o proceso de adaptación?

Os animais nin se deron conta, non se acordaban de ir á sala.

Para nós foi algo máis complicado ao comezo, porque hai que romper as rutinas dos animais, sobre todo polas noites, que están deitados. Tivemos unha semana complexa, porque lles chegaba a hora do muxido e había que meter os animais, pero, polo demais, moi ben.

Que diferenzas notaron?

Onde máis o notamos foi no traballo e en que os animais están mellor, máis tranquilos, porque se poden muxir a calquera hora.

Nós estámonos adaptando, porque non temos que ir ao muxido. Agora metemos sete animais pola mañá e pola noite, polo que acabamos bastante pronto. Non estamos afeitos a chegar tan cedo a casa.

Que valoración fan do cambio?

Estamos moi contentos con todos os sistemas. Xa estamos pensando en incorporar a amamantadora neste ano, porque cremos que os animais van estar mellor e o rendemento será maior. A valoración é a máxima.

A nós cambiounos moito o día a día. Se nos dixesen que ía ser así, poñíalos antes.



“Os colares achégannos moitos datos: inxestión, ruminación e tamén detección de celos. Marcan o momento óptimo de inseminación de forma máis exacta”



“O que máis me gustou é o selado que realiza a tetoeira, porque trata moi ben os tetos”



Juan Manuel Velo
Responsable comercial
de GEA para Farming
Agrícola

Estas granxas robotizadas con GEA son referentes en Mazaricos?

Son dúas ganderías de referencia polo cambio xeracional e porque a automatización xoga un papel clave.

Estes dous mozos colleron as rendas das súas explotacións e robotizaron as súas granxas para facer o traballo máis levadío e rendible.

En que consiste o seu asesoramento?

En coñecer as necesidades que ten o gandeiro.

→ Toni Caamaño: “En tres semanas aumentamos entre 3 e 4 litros de media por vaca e temos máis calidade de vida”

EN
VÍDEO



“Co arrimador de comida notamos que as vacas comen moito máis de noite”



“A amamentadora cambiounos a forma de traballar e as xatas están máis tranquilas, maman cando queren”

→ “Estes dous mozos colleron as rendas das súas explotacións e robotizaron as súas granxas para facer o traballo máis levadío e rendible”

Estamos con eles en todo o proceso de instalación e logo seguimos apoiándoos no día a día, xunto aos asesores de granxa. Así, logramos que arrinquen co muxido robotizado da maneira máis fluída posible, sen trastornos para as vacas nin para os traballadores.

Unha vez que a máquina está a funcionar, preparamos un protocolo de mantemento a dous anos vista con actuacións trimestrais. Recomendamos cambios de pezas periódicas e seguimos en contacto diario por se xorde algún problema.

Localización: Mazaricos (A Coruña)

Número total de animais: 200

Vacas en produción: 108

Número de robots: 2

Media de produción: 41 litros/vaca/día

Porcentaxe de graxa: 3,70 %

Porcentaxe de proteína: 3,30 %

RCS: 150.000 cél./ml

Por que tomaron a decisión de apostar polo muxido con robot?

Tiñamos unha sala de 16 puntos e demos o paso ao robot por avanzar tecnoloxicamente e así dispoñer de máis tempo libre.

Por que se decantaron por GEA?

Tanto o circuito como a sala de muxido anteriores eran de GEA e ofrecíannos confianza.

O que máis nos chamou a atención do robot é o sistema de limpeza de tetos e o selado.

Como foi o proceso de cambio?

Mentres se instalaban os robots, nós seguimos muxindo en sala. Durante un mes afixemos as vacas a que pasasen pola máquina e comesen o penso.

Despois, nun día fíxose o cambio da sala ao robot cun lote bastante grande e, ao día seguinte, metemos os animais que quedaban.

Como está sendo a adaptación?

Levamos tres semanas muxindo no robot e a verdade é que as vacas se adaptaron moi ben. Xa alcanzamos os tres muxidos e algunhas chegaron a catro. Tamén notamos un incremento na produción de leite.

Os animais están máis tranquilos, pasan a maioría do tempo tombados e comen pouco a pouco.

Para os traballadores, a primeira semana foi complicada, pero a partir de aí todo moi ben. Agora estémonos acostumando a meter todos os datos no ordenador.

Que diferenzas notaron?

Os animais están moito mellor, máis tranquilos.

Na produción vémonos beneficiados, en tres semanas aumentamos entre 3 e 4 litros de media por vaca.

Nós temos máis calidade de vida, porque dispoñemos de máis tempo libre, e podemos controlar a granxa desde outros sitios.